

O Pleno do Consello do Turismo de Galicia, reunido en sesión extraordinaria o 9 de outubro de 2017, acordou emitir o informe, que literalmente se transcribe a continuación, sobre a declaración de festa de interese turístico de Galicia do “Mercado medieval de Mondoñedo”:

“ANTECEDENTES

A Dirección de Competitividade da Axencia Turismo de Galicia remitiu, o 5 de outubro de 2017, o expediente relativo á declaración de festa de interese turístico de Galicia do Mercado medieval de Mondoñedo, para a emisión do preceptivo informe, achegando a seguinte documentación:

- Solicitud do 18 de maio de 2017
- Acordo do Pleno do 27 de xaneiro de 2017
- Memoria explicativa
- Informe da Área Provincial de Turismo de Lugo, do 28 de setembro de 2017
- Informe da Subdirección Xeral de Patrimonio Cultural, do 4 de outubro de 2017
- Informe da Subdirección Xeral de Industrias e Calidade Alimentaria, do 28 de setembro de 2017
- Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública

CONSIDERACIÓNS

I. Competencia

Emítese este informe sobre a declaración do Mercado medieval de Mondoñedo como festa de interese turístico de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 14 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

II. Marco xurídico

1. A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, regula no artigo 93, que se atopa no título VII “Promoción e fomento do turismo”, no capítulo II “Medidas de promoción e fomento”, as festas de interese turístico de Galicia, dispoñendo:

“Artigo 93. Festas de interese turístico de Galicia.

A Administración da Xunta de Galicia poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e das tradicións populares e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Esta declaración farase segundo se determine regulamentariamente, en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigamento, así como das actividades promocionais que desenvolvan.”

Para dar cumprimento á devandita previsión legal, aprobouse o Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

2. O Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, dispón, no seu artigo 3, que a declaración efectuarase en función do cumprimento dos seguintes **requisitos**:

a) Antigüidade: as manifestacións ou acontecementos de carácter festivo a que se refiran as peticións deberán ter no momento da solicitude unha antigüidade mínima de vinte anos. As súas celebracións efectuaranse periodicamente e en datas facilmente determinables.

A antigüidade mínima poderá ser dispensada cando unha valoración conxunta dos requisitos e criterios recollidos na presente regulamentación así o aconsellen, pero en ningún caso poderá ter unha antigüidade menor de quince anos.

b) Singularidade: as festas de que se trate deberán conter aspectos orixinais e de calidade que as singularicen respecto a outras similares que poidan ter lugar noutras localidades. Valorarase especialmente que sexa un reflexo da idiosincrasia da zona e poboación local e que, desde o respecto á tradición e costumes que a fan única, presente innovacións nas edicións sucesivas que contribúan a enxalzar máis o evento.

c) Arraigamento: elementos esenciais da celebración serán o arraigamento popular no ámbito territorial correspondente e o carácter participativo da poboación local, excluíndose aquelas festas orixinadas por simples intereses particulares ou comerciais.

d) A realización polas entidades organizadoras de accións promocionais suficientes para a atracción de correntes turísticas. Entenderanse por accións promocionais suficientes aquelas accións que permitan dar a coñecer ao maior número de persoas posibles a celebración do evento, xa sexa mediante a súa divulgación en medios audiovisuais de carácter xeneralista, como a participación en feiras, eventos turísticos e actos similares. En calquera caso, estas accións serán como mínimo 10 nas 5 últimas edicións.

e) Valor cultural: as celebracións dos eventos de que se trate xirarán, en todo caso, arredor das manifestacións de interese e carácter cultural como son, entre outras, as artísticas, relixiosas, deportivas ou gastronómicas.

f) Continuidade no tempo. Entre a celebración dunha festa e outra non poderán transcorrer máis de catro anos, a non ser que sexa una festa cunha cadencia fixa que supere este prazo. En calquera caso, na solicitude deberá constar a periodicidade da celebración.

3. Así mesmo, o artigo 4 do citado Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, establece os seguintes **criterios de valoración**:

- a) A facilidade de acceso, tendo especial valor aqueles eventos que procuran a maior accesibilidade, integración e participación do conxunto da poboación, con consideración, así mesmo, da perspectiva de xénero, tanto á acción festiva en si mesma como aos servizos necesarios para a súa celebración.
 - b) A estética, valorarase posta en escena da celebración, a ambientación, a recreación, as instalacións e infraestrutura onde se celebre e a imaxe uniforme dos equipamentos do evento tales como toldos e elementos decorativos.
 - c) Aquelas manifestacións ou acontecementos que fagan revivir costumes e tradicións populares.
 - d) O adecuado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolva, segundo a súa natureza.
 - e) A calidade dos actos que configuren a celebración.
 - f) A creatividade e innovación na celebración do evento.
 - g) O nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e a recepción de visitantes.
 - h) A afluencia de visitantes.
 - i) A coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración da festa.
4. No que respecta ao informe preceptivo e non vinculante que debe emitir o Consello do Turismo de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 14 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, deberá examinar a procedencia da declaración segundo os requisitos e criterios de valoración, así como formular unha proposta acerca das necesidades derivadas da declaración.

III. Procedencia da declaración

1. Cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 3 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro

- a) **Antigüidade.** A orixe de celebración desta festa data do ano 1962 co fin de agasallar aos milleiros de visitantes que se achegaban á Mariña nos meses de verán. Nese momento so se celebraba a Festa da Istoria de Ribavia polo que o Mercado Medieval de Mondoñedo e a segunda festa destas características que se celebra en Galicia.
- b) **Singularidade.** Ademais da beleza do marco no que se desenvolve, caracteriza a este mercado que a súa organización non está encomendada a unha empresa privada senon que esta recae nos propios veciños a través das institucións públicas e asociacións locais.

Toda a poboación implicase nesta recreación do medievo tanto na vestimenta como na decoración dos escaparates, rúas, facianas etc.

c) **Arraigamento.** A memoria presentada da conta dun traballo realizado no ano 2010 por unha alumna do Master en Dirección e Planificación Turística da USC, no que consta que realizadas 113 enquisas, o Mercado Medieval de Mondoñedo é a festa mais valorada por parte da poboación local cun alto índice de participación no seu desenvolvemento.

d) **A realización polas entidades organizadoras de accións promocionais suficientes para a atracción de correntes turísticas.**

Promoción a través de prensa escrita e medios audiovisuais

- Prensa . El Progreso, La Voz de Galicia, Asturias Mundial

- Televisión. TVG

- Redes sociais

e) **Valor cultural.** O valor cultural do evento ven dado polo importantísimo patrimonio histórico, cultural, monumental e natural no que se desenvolve que é o concello de Mondoñedo, no que se recrea un mercado de fins do medievo coas características e decoración propias de esta época.

f) **Continuidade no tempo.** Este evento ven celebrándose de xeito continuado dende as súas primeiras edicións, acadando no ano 2017a XXVI.

2. Criterios de valoración

a) **A facilidade de acceso:** Mondoñedo está localizado no destino turístico da Mariña lucense, que abrangue o territorio que se desenvolve en torno á costa cantábrica lucense entre a Ría do Barqueiro e Ribadeo e O Vicedo e as serras que o delimitan cara ao interior.

Mondoñedo atópase a 62 km de Lugo. No referente ás comunicacións por estrada, a principal vía de acceso e a Autovía Transcantábrica A-8 ata Bahamonde onde conecta coa A-6. Esta autovía conecta Galicia con Asturias, Cantabria e País Vasco co que se accede facilmente dende Mondoñedo á España Verde.

Dende a A-6, dende a saída 522 localizada en Bahamonde e a través da E70/E8, establécese unha boa conexión de Mondoñedo con A Coruña, a meseta e o seu entorno.

Así mesmo sigue en uso o trazado da N-634 ao seu paso por Mondoñedo.

Mondoñedo conta con estación de autobuses e o transporte público ademais do uso local permite conexións coas cidades de Galicia do entorno máis próximo, Lugo, A Coruña e Santiago de Compostela.

b) A estética: O concello de Mondoñedo é un dos principais destinos turísticos do xeodestino A Mariña lucense polo seu importantísimo patrimonio histórico, cultural, monumental e natural.

En 1985 , foi declarado conxunto histórico-artístico, singularizado pola Catedral Basílica da Asunción, coa súa fachada principal orientada á praza como elemento simbólico de todo o conxunto.

Para asegurar a calidade estética dos postos e a homoxeneidade, o concello ocúpase directamente da montaxe na que se empregan pacas de palla, teas, ramas de xestas e madeira.

c) Aquelas manifestacións ou acontecementos que fagan revivir costumes e tradicións populares: Trátase dun evento lúdico cultural con mais de 25 anos de antigüidade que naceu no ano 1992 co fin de fin de agasallar aos milleiros de visitantes que se achegan á mariña lucense nos meses de verán. O Mercado medieval de Mondoñedo foi despois da Festa da Isteria de Rivadavia o segundo evento destas características que se celebrou en Galicia. Entre as actividades levadas a cabo nas primeiras edicións cabe destacar a Cea Medieval que se celebra no claustro do Seminario.

d) O adecuado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolva, segundo a súa natureza: O Mercado medieval de Mondoñedo celébrase nun marco incomparable, un entramado urbano de orixe medieval e un dos cascos históricos declarados Conxunto histórico-artístico, mellor conservados de Galicia.

e) A calidade dos actos que configuren a celebración: O Mercado medieval de Mondoñedo caracterízase por ser un mercado atractivo para os artesáns de todo o territorio pola organización e polo entorno.

A estética da celebración coidase en todo momento e todo os elementos utilizados deben responder a esta estética medieval. Cando sexa imprescindible o uso de elementos como lámpadas, instalacións eléctricas etc. estas deben estar totalmente ocultos ou camuflados para non desvirtuar o ambiente.

Así mesmo, aquelas asociacións ou grupos de amigos que queiran desfrutar do mercado poden instalar postos libres nos que non se permite a venda de ningún produto e que deben respectar igualmente a estética medieval.

En todo caso non se permite a música que non sexa acorde co evento durante o horario do mercado.

f) A creatividade e innovación na celebración do evento: Dende as primeiras celebracións ata o momento actual esta festa tivo un importante pulo. Na súa orixe contábase con 12 postos no entorno da praza da catedral, hoxe en día establécese un cupo de 150 postos gremiais, que na derradeira edición cos postos libres acadaron os 163.

Para participar neste mercado é preciso a inscrición na oficina municipal de turismo.

Nas primeiras edicións contábase so cunha mostra gastronómica e artesanal de produtos típicos da comarca así como a Cea medieval. Ao longo das seguintes edicións incrementáronse as actividades como o pasarúas, a exhibición de cetrería, escenas teatrais e espectáculos malabares así como a boda medieval, actuacións musicais e xogos infantís e populares entre outros.

g) O nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e a recepción de visitantes:

A Mariña lucense conta cun número de 100 establecementos abertos cunha capacidade aloxativa de 3.160 prazas.

En turismo rural existen 472 prazas distribuídas en 32 establecementos. Ademais 640 prazas aloxativas son ofertadas na modalidade de apartamentos turísticos e 2.219 prazas en 7 campings de distintas categorías. En total son 332 establecementos cunha oferta de 6.491 prazas.

A vila de Mondoñedo conta a súa vez cun hotel con 33 prazas, 5 pensións cun total de 118 prazas, 3 casas de turismo rural que suman 37 prazas e un albergue público que oferta 28 prazas. Estes establecementos suman un total de 216 prazas de aloxamento.

No referente á restauración na vila de Mondoñedo atópanse 4 restaurantes de 4ª categoría, un deles dentro do casco vello, cunha capacidade total de 328 prazas. Esta oferta complementábase con 8 bares que ofrecen comidas situados na súa maioría no dito casco vello.

h) A afluencia de visitantes: A estimación de afluencia de público é de 30.000 visitantes nos tres días de celebración da festa.

i) A coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración da festa: A organización desta festa lévase a cabo por unha asociación e polo concello e conta cunha ampla participación dos residentes da vila, a Escola de música municipal así como outras asociacións locais.

Este evento é considerado unha proposta que conta con elementos recreativos e de exaltación propios. Diríxese a un público maioritariamente heteroxéneo, coidan especialmente a estética e póñense en valor un das contornas históricas de maior beleza de Galicia o que contribúe ao posicionamento da comunidade autónoma como destino de turismo cultural.

Porén debe coidarse o carácter medieval dos produtos que se poñan a disposición do público no mercado medieval como elemento esencial para manter a cualificación de interese turístico.

Polo exposto, o Consello do Turismo de Galicia,

INFORMA

Favorablemente a declaración como festa de interese turístico de Galicia do Mercado medieval de Mondoñedo.”